



INFORME XURÍDICO

UNIDADE SOLICITANTE:	DIRECCIÓN DE RECURSOS HUMANOS E RÉXIME INTERIOR
DATA DA SOLICITUDE:	23 de outubro de 2015.
ASUNTO:	PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE MATERIAL AUDIOVISUAL PARA A ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación administrativa para a subministración e instalación de material audiovisual para a Administración do Parlamento de Galicia mediante procedemento aberto, á marxe das cuestións de natureza estritamente técnica que contén sobre as que non nos pronunciamos e respecto das cales a unidade técnica e a de xestión na súa determinación deberán observar as esixencias legais existentes segundo lle temos informado especialmente en relación aos criterios de valoración, informamos que o mesmo axústase ao disposto no Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do sector público (TRLCSP), e á demais normativa aplicable en materia de contratación administrativa.

Polo tanto, o devandito prego é apto para regular o contrato que no seu día se formalice.

Ao expediente de contratación deberá incorporarse o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos.

Completado o expediente de contratación ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 110 do TRLCSP).

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2015

A letrada

María Aneiros González

Prego de cláusulas administrativas particulares da contratación administrativa da subministración e instalación de material audiovisual para a Administración do Parlamento de Galicia mediante procedemento aberto

Primeira.- Obxecto do contrato e réxime xurídico	2
Segunda.- Orzamento de licitación e existencia de crédito	2
Terceira.- Duración do contrato e revisión de prezos	2
Cuarta.- Forma e procedemento de adxudicación do contrato.....	2
Quinta.- Capacidade para contratar	3
Sexta.- Documentación e contido	3
Sobre A: “Capacidade para contratar e solvencia económica e financeira, e solvencia técnica e profesional dos licitadores”	3
Sobre B: “Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor”.	5
Sobre C: “Documentación técnica e relativa aos criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas”	6
Sétima.- Anuncio da licitación e presentación de proposicións	6
Oitava.- Garantías	6
Novena.- Mesa de contratación	8
Décima.- Criterios para a valoración das proposicións	8
Décimo primeira.- Fases da adxudicación	8
Décimo segunda.- Baixas anormais ou desproporcionadas.....	10
Décimo terceira.- Formalización do contrato	10
Décimo cuarta.- Gastos e impostos	11
Décimo quinta.- Entrega das subministracións	11
Décimo sexta.- Pagamentos ao contratista	11
Décimo sétima.- Prazo de garantía, comprobación e recepción da subministración	11
Décimo oitava.- Execución do contrato.....	12
Décimo novena.- Confidencialidade e protección de datos	12
Vixésima.- Modificación do contrato.....	13
Vixésimo primeira.- Resolución do contrato.....	13
Vixésimo segunda.- Penalidades	13
Vixésimo terceira.- Réxime das notificacións.....	13
Vixésimo cuarta.- Interpretación, recursos e xurisdición.	14
Cadro de especificacións do contrato	15
Anexo I	19
Anexo II	20
Anexo III	21
Anexo IV	22

Primeira.- Obxecto do contrato e réxime xurídico

1. O contrato regulado por este prego ten por obxecto a contratación da subministración que se describe no punto 1 do cadro de especificacións, conforme ás características que figuran no prego de prescricións técnicas.

Este contrato ten carácter administrativo e rexerese polo establecido neste prego, no texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro (en adiante TRLCSP), no Real decreto 817/2009, do 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público e, en canto non estea derogado, no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (en adiante RXLCAP).

No que non estea previsto neste prego de cláusulas administrativas, as dúas partes sométense expresamente ao disposto no texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo TRLCSP, e nas súas disposicións complementarias.

O prego de prescricións técnicas no que se describen as características da subministración que haberá que realizar revestirá carácter contractual, polo que deberá ser asinado en proba da súa conformidade polo adxudicatario, simultaneamente á formalización do contrato.

2. Unicamente se admitirá a presentación de variantes cando así se estableza no punto 8 do cadro de especificacións.

No suposto de que se admitan, os licitadores poderán introducir na súa proposición variantes ou alternativas que incorporen solucións alternativas ás definidas nas prescricións técnicas, nos termos establecidos no punto 8 do cadro de especificacións.

Segunda.- Orzamento de licitación e existencia de crédito

1. O orzamento de licitación máximo que se establece para este contrato do Parlamento é o establecido no punto 4 do cadro de especificacións.

Para todos os efectos entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenden o IVE (que figurará como partida independente) e demais tributos que lle sexan de aplicación segundo as disposicións vixentes.

2. Partida orzamentaria na que se garante que existe crédito axeitado e suficiente e con cargo á cal será financiado o contrato: a establecida no punto 5 do cadro de especificacións.

Terceira.- Duración do contrato e revisión de prezos

1. A duración do contrato é a establecida no punto 7 do cadro de especificacións.

A vixencia deste contrato poderase prorrogar mediante acordo escrito das partes e antes do seu remate nos termos establecidos no punto 9 do cadro de especificacións.

2. O prezo de adxudicación poderá ser obxecto de revisión sempre que así se determine no punto 10 do cadro de especificacións, consonte o establecido nos artigos 89 a 94 do TRLCSP.

Cuarta.- Forma e procedemento de adxudicación do contrato

Adxudicarase este contrato por procedemento aberto, consonte o disposto nos artigos 138, 150 e 157 a 161 do TRLCSP.

Quinta.- Capacidade para contratar

Poderanse presentar a esta contratación e formular as conseguíntes proposicións, con suxeición ás cláusulas deste prego e ao de prescricións técnicas, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean comprendidas nalgunha das circunstancias enumeradas no artigo 60 do TRLCSP e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Poderanse presentar unións temporais de empresarios, nos termos do artigo 59 do TRLCSP.

As empresas estranxeiras non comunitarias ateranse ao disposto no artigo 55 do TRLCSP.

Sexta.- Documentación e contido

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, agás o disposto no artigo 147 do TRLCSP, nin poderá subscribir ningunha proposta e unión temporal de empresas con outros se xa o fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal de empresas. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas presentadas.

O licitador formulará a súa proposición en sobres pechados e asinados, no que indicarán, en cada un deles o nome ou a razón social da entidade, o título do obxecto da contratación e, se é o caso, o número do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma.

Para os efectos do disposto no artigo 140 do TRLCSP, os licitadores deberán manifestar de forma explícita que información incluída na súa oferta ten carácter confidencial.

Os licitadores poderán solicitar, por medios electrónicos, as aclaracións que estimen pertinentes sobre o contido dos pregos e a documentación complementaria ata o mesmo día de terminación do prazo para presentar ofertas. A Administración responderá, dentro do prazo para presentar ofertas, no prazo máis breve posible.

Sobre A: “Capacidade para contratar e solvencia económica e financeira, e solvencia técnica e profesional dos licitadores”.

Dentro do sobre incluírase, pola orde que se detalla e acompañada dun índice, a seguinte documentación:

1. O documento ou os documentos que acrediten a capacidade de obrar do empresario, mediante a presentación, se a empresa fose persoa xurídica, da escritura ou documento de constitución ou modificación, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito sexa esixible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, acreditarase mediante a escritura ou o documento da constitución, modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda, segundo a persoa xurídica da que se trate.

Se se trata de empresarios non españois de estados membros da Unión Europea, acreditarase a súa capacidade de obrar pola súa inscrición no rexistro procedente segundo a lexislación do Estado onde estea establecido ou a presentación dunha declaración xurada ou certificado nos termos que se indican no anexo I do RXLCAP.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe da misión diplomática permanente de España no Estado

correspondente ou da oficina consular do ámbito territorial onde radique o domicilio da empresa. No caso de contrato suxeito a regulación harmonizada prescindirase do informe de reciprocidade en relación coas empresas de estados signatarios do Acordo sobre contratación pública da Organización Mundial de Comercio, consonte o disposto no artigo 55 do TRLCSP.

No caso de persoas naturais, a personalidade acreditarase mediante a presentación do DNI ou do documento que, se é o caso, o substitúa legalmente.

2. Cando quen asine a proposición non actúe en nome propio ou se trate de sociedades ou persoas xurídicas, deberá achegar poder de representación, inscrito no Rexistro Mercantil, se é o caso, e bastantado por un letrado ou letrada dos Servizos Xurídicos da Cámara. Deberase incluír copia do DNI e da tarxeta do NIF de quen asine a proposición.

3. Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración do artigo 60 do TRLCSP, que incluírá a manifestación do artigo 146.1.c) do TRLCSP.

4. Solvencia económica e financeira do empresario: esta acreditarase por algunha das formas reguladas no 75 do TRLCSP.

5. De ser o caso, xustificante de ter constituída a garantía provisional polo importe de ata o 3% do orzamento máximo de licitación sinalado no punto 4 do cadro de especificacións e en calquera das formas previstas no artigo 103 do TRLCSP e nos artigos 56, 57 e 58 do RXLCAP.

6. No caso de que o licitador sexa unha unión de empresas, haberase que ater ao disposto no artigo 59 do TRLCSP.

Así mesmo, deberase presentar un documento suscrito por cada representante das empresas asociadas no que se comprometan, de resultaren adxudicatarias, a constituírse en unión de empresarios, se aínda non se constituísen.

7. As empresas estranxeiras achegarán declaración expresa de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois en calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia expresa, se é o caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponderlle ao licitador.

8. A inscrición vixente no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma eximirá os licitadores de presentaren a documentación das alíneas 1, 2, e 3 sen prexuízo da obriga do contratista de achegar declaración responsable na que manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación. Para os efectos da acreditación da inscrición vixente no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma o licitador fará constar no exterior do sobre o número do rexistro que lle corresponda. A Administración do Parlamento incorporará de oficio o devandito certificado ao expediente, logo de solicitarllo telematicamente ao Rexistro Oficial de Contratistas de Galicia.

O licitador que presente a oferta económica máis vantaxosa deberá reiterar, antes da adxudicación do contrato, a manifestación de que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

9. Solvencia técnica e profesional do empresario. Acreditarase polo seguinte medio:

- Relación das subministracións iguais ou semellantes realizadas nos últimos tres anos con outras entidades e certificados ou informes daquelas que xustifiquen a experiencia e calidade dos seus traballos, que inclúan importe, datas e destinatario, público ou privado, deles.

Reputarase solvente o licitador que acredite ter executado, en conxunto, subministracións semellantes que representen un volume de negocio igual ou superior ao do orzamento base licitación.

O contratista deberá cubrir o seguinte cadro que se incluírá neste sobre A.

Relación de subministracións nos últimos tres anos			
Obxecto contrato	Importe	Data	Beneficiario

10. Se é o caso, e sempre que o punto 20 do cadro de especificacións o permita, indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

11. De ser o caso, enderezo de correo electrónico na que se poidan facer as notificacións derivadas do procedemento, segundo modelo que se insire como anexo I.

12. Para os efectos do establecido na cláusula décima para o suposto de que dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, acreditación da porcentaxe, en relación ao total da empresa, de traballadores fixos con discapacidade superior ao 2%.

13. Deberán presentarse orixinais de todos os documentos anteriores ou as súas copias debidamente autenticadas.

14. O licitador poderá substituír a presentación dos documentos das alíneas 1, 2, 3, 4, 7 e 9 pola declaración responsable, segundo modelo que se inclúe como anexo II, indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar. Neste caso, o licitador en cuxo favor se faga a correspondente proposta de adxudicación deberá acreditar, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos. En todo caso o Parlamento de Galicia poderá esixir, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores aporten dita documentación acreditativa.

15. Os licitadores deberán incluír toda a documentación requirida neste sobre en formato papel e en formato electrónico (CD, DVD, pendrive,..).

Sobre B: “Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor”.

Os licitadores deberán incluír neste sobre a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas e que permitan a valoración dos criterios de adxudicación establecidos no punto 16 do cadro de especificacións suxeitos a xuízos de valor, por non seren avaliábeis por fórmulas, escalas ou porcentaxes.

Conterá, en xeral, os detalles ou as precisións que considere convenientes o licitador para a mellor realización da subministración obxecto da contratación e, en especial, os que poidan ser susceptibles de valoración segundo os criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor que se fixan no cadro de especificacións.

En todo caso deberá conter a documentación esixida no apartado 26 do cadro de especificacións.

Neste sobre B non se poderán incluír información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores ou determinar a puntuación que estes acadarían con base nos criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas do punto 16 do cadro de especificacións, a cal debe incluírse no sobre C. O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar á súa exclusión automática do procedemento de adxudicación.

Sobre C: “Documentación técnica e relativa aos criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas”

Os licitadores deberán incluír neste sobre a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se contemplan no prego de prescricións técnicas e que permitan a valoración dos criterios de adxudicación avaliados mediante a aplicación automática das fórmulas, escalas ou porcentaxes establecidas no punto 16 do cadro de especificacións.

En todo caso deberá conter a documentación esixida no apartado 27 do cadro de especificacións.

En documento adxunto deberase achegar listaxe cos prezos unitarios de cada un dos compoñentes ou elementos obxecto da subministración.

Sétima.- Anuncio da licitación e presentación de proposicións

1. As proposicións presentaranse no Rexistro do Parlamento de Galicia, rúa do Hórreo, s/n.º, 15701 Santiago de Compostela, dentro do prazo sinalado no anuncio de licitación que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Conforme ao establecido nas Normas para utilización dunha plataforma electrónica na contratación pública do Parlamento de Galicia (BOPG nº 170, do 2 de outubro de 2013, modificadas por Acordo da Mesa de 2 de decembro de 2013, BOPG nº 209 de 5 de decembro 2013), poderán presentar alternativamente ás súas proposicións a través da Plataforma Electrónica de Contratación ata o día no que finaliza o prazo para presentación de ofertas.

No perfil de contratante do Parlamento de Galicia existe un enlace directo coa plataforma (<https://licitacion.parlamentodegalicia.gal/>).

Os licitadores deberán asinar a oferta e todos os documentos asociados á mesma con firma electrónica recoñecida, validamente emitida por un prestador de servizos de certificación, que garanta a identidade e integridade do documento, de conformidade coa Lei 59/2003, de 19 de decembro, de firma electrónica.

A documentación deberá achegarse en formato pdf ou similar non editable; o incumprimento desta esixencia determinará a exclusión do licitador do procedemento de contratación.

Se a documentación que se aporte fora xerada por unha entidade ou organismo diferente do licitador, deberá incluír o código de verificación que permita por parte da Mesa de Contratación a consulta electrónica directa do documento na sede electrónica ou portal da entidade ou organismo que xerou dito documento. No seu defecto a documentación aportada debe cumprir cos requisitos necesarios que garantan a súa

eficacia e validez de acordo co sinalado na Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Unha vez presentada unha oferta a través d plataforma electrónica xerarase un recibo electrónico que garantirá a data, hora e contido da proposición. Todas as proposicións recibidas electronicamente a través da plataforma electrónica serán custodiadas e encriptadas sen posibilidade de acceder ao seu contido ata que se constituía a Mesa de Contratación e se proceda á apertura das mesmas conforme á normativa correspondente.

Non se poderá presentar máis que unha proposición, ou en formato papel, ou en formato electrónico; a presentación de dúas proposicións implicará a exclusión do licitador do procedemento de contratación.

3. As proposicións tamén poderán ser enviadas por correo dentro do prazo de admisión sinalado nos anuncios de licitación. Neste caso, os licitadores deberán xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos (é requisito indispensable que se trate dunha oficina de correos prestadora do servizo postal universal) e anunciarlle ao Parlamento a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama nese mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo Parlamento con posterioridade á data da terminación do prazo de recepción de proposicións sinalado no anuncio. Transcorridos, porén, dez días naturais seguintes á indicada data sen que se recibise a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

4. A presentación da oferta presupón que o interesado acepta de modo incondicional as cláusulas deste prego.

5. O importe da proposición non deberá superar o orzamento de licitación establecido no cadro de especificacións.

Oitava.- Garantías

1. En atención ás circunstancias concorrentes no contrato, poderase esixir para participar na contratación, segundo o establecido no punto 12 do cadro de especificacións, a constitución dunha garantía provisional, nas formas e nos termos establecidos no artigo 103 do TRLCSP.

A garantía provisional extinguirase automaticamente e seralles devolta aos licitadores logo da adxudicación do contrato, salvo a do licitador cuxa proposición fose seleccionada para a adxudicación como economicamente máis vantaxosa, que será retida ata que proceda á constitución da garantía definitiva.

A garantía provisional poderalles ser incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

2. O licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa estará obrigado a constituír a garantía definitiva por un importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, no prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte á recepción do requirimento da documentación da alínea 6 da cláusula décimo segunda. No caso de tramitación urxente este prazo reducirase a cinco días.

A garantía definitiva devolverase ou cancelarase consonte o disposto no artigo 102 do TRLCSP.

3. Poderase esixir no cadro de especificacións a constitución de garantía complementaria, por valor de ata un 5% do prezo de adxudicación.

4. As garantías poderanse prestar por algún dos medios regulados no artigo 96 do TRLCSP, e depositaranse ou, de ser o caso, acreditarase a súa constitución na Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento.

5. A garantía definitiva e, de ser o caso, a garantía complementaria estarán afectas ás responsabilidades enumeradas no artigo 100 do TRLCSP.

6. No caso de constituírse garantía mediante aval, deberá cumprimentarse segundo o modelo que se achegan o anexo IV.

7. No caso de que os licitadores fagan uso da facultade que lles concede o artigo 96.3 do TRLCSP, e acrediten a constitución da garantía mediante medios electrónicos, deberán remitir ao Parlamento o documento orixinal de devandita garantía antes da adxudicación do contrato.

Novena.- Mesa de contratación

A Mesa de contratación estará composta, conforme ao establecido no artigo 29 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración parlamentaria (BOPG nº 633, do 24 de outubro de 2008), polos membros sinalados no punto 15 do cadro de especificacións. Comunicarase oportunamente no perfil do contratante no caso de se producir substitución por ausencia dalgún membro integrante da Mesa de contratación.

Décima.- Criterios para a valoración das proposicións

1. Teranse en conta para a valoración das proposicións presentadas en relación coa súa selección os criterios establecidos no punto 16 do cadro de especificacións.

2. Criterios de desempate. No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade non inferior ao 2%, de conformidade co establecido na Disposición Adicional 4ª do TRLCSP.

Décimo primeira.- Fases da adxudicación

1. Despois de rematar o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de contratación procederá á apertura e ao exame da documentación incluída nos sobres «A». De resultar precisa reparación de erros ou omisións na documentación presentada neste sobre «A», a mesa de contratación concederá prazo para efectuala antes do acto público do punto seguinte.

2. Posteriormente, en acto público, que terá lugar na data e na hora que se sinalan no punto 17 do cadro de especificacións, abríranse os sobres «B» das empresas que presentaran a documentación de forma correcta, e procederase conforme o establecido na normativa vixente en materia de contratación.

3. Tamén, en acto público, que terá lugar na data e na hora que se sinalan no punto 17 do cadro de especificacións, abríranse os sobres «C» das empresas que presentasen a documentación de forma correcta, e procederase conforme o establecido na normativa vixente en materia de contratación.

4. A Mesa de contratación poderá solicitar antes de formular a súa proposta cantos informes técnicos considere precisos.

5. Unha vez que a Mesa de contratación realizou a avaliación de todas as proposicións presentadas, efectuará a asignación de puntos segundo os criterios de adxudicación

sinalados no punto 16 do cadro de especificacións, e elevaralla á Mesa do Parlamento de Galicia.

6. No caso de que algunha proposición económica incorra en baixa anormal ou desproporcionada conforme o establecido na cláusula décimo segunda, daráselle audiencia ao interesado para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións dela. Poderanse solicitar, de ser o caso, os informes técnicos que se consideren necesarios. No caso de que o licitador que presentase a proposición economicamente máis vantaxosa estivese incurso en baixa anormal ou desproporcionada poderáselle esixir unha garantía complementaria consonte o establecido no punto 14 do cadro de especificacións.

No caso de considerar que unha oferta non pode ser cumprida como consecuencia dos valores anormais ou desproporcionados, a devandita proposición será excluída da clasificación.

7. A Mesa do Parlamento clasificará en orde decrecente as ofertas presentadas segundo os criterios de adxudicación sinalados no apartado 16 do cadro de especificacións é, á vista da devandita clasificación, requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa, para que dentro do prazo de dez días hábiles, cinco días no caso de tramitación urxente, contados desde o seguinte á recepción do requirimento, presente a seguinte documentación:

- a) Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- b) Certificación de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma galega.
- c) Alta, se é o caso, no imposto de actividades económicas, referido ao exercicio corrente, ou o último recibo, completado coa declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.
- d) No caso de que o adxudicatario fose unha unión de empresas, acreditación desta mediante presentación da escritura de constitución, e NIF asignado á unión.
- e) Documento acreditativo de ter constituída a garantía definitiva e, no seu caso a garantía complementaria, que depositaranse ou, se é o caso, acreditarse a súa constitución na Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento.
- f) Xustificación de ter aboados os gastos dos anuncios de licitación.

A presentación dos documentos sinalados nas letras a), b) e c) poderanse substituír, no caso de licitador con inscrición vixente no Rexistro Oficial de Contratistas de Galicia que fixera constar tal circunstancia no sobre «A» coa documentación relativa á capacidade para contratar e á solvencia económica, financeira, técnica e profesional, pola manifestación de que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

No caso de que o adxudicatario substituíra no sobre «A» a documentación administrativa da cláusula sétima pola declaración responsable do anexo II, deberá acreditar neste momento a posesión e validez dos documentos esixidos.

8. Dentro dos cinco días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a documentación requirida ao licitador, e unha vez acreditado que presentou correctamente a documentación requirida e que reúne as condicións esixidas para o efecto, a Mesa do Parlamento efectuará a adxudicación do contrato ao seu favor.

9. No caso de que o licitador non cumprise adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que retira a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitarlle a mesma documentación ao seguinte licitador pola orde na que quedasen clasificadas as respectivas ofertas.

10. Poderase declarar deserto o procedemento no caso de non existir oferta ou proposición que sexa admisible conforme aos criterios que figuren no cadro de especificacións.

11. A adxudicación seralles notificada aos licitadores e simultaneamente publicada no *perfil de contratante do Parlamento de Galicia*, nos termos do artigo 151.4 do TRLCSP.

Décimo segunda.- Baixas anormais ou desproporcionadas

Consideraranse, en principio, anormais ou desproporcionadas as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de vinte e cinco unidades porcentuais.

2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de vinte unidades porcentuais á outra oferta.

3. Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo de devandita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de dez unidades porcentuais a antedita media.

En calquera caso considerarase desproporcionada a baixa superior a vinte e cinco unidades porcentuais.

4. Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a antedita media en máis de dez unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

Décimo terceira.- Formalización do contrato

O correspondente contrato administrativo entenderase perfeccionado coa súa formalización no correspondente documento administrativo, no que non se poderán incluír en ningún caso cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

A formalización do contrato non se poderá realizar máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación a licitador e candidatos.

Engadiránselle a este contrato como anexos, e pasarán a formar parte del, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares do procedemento de contratación.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non puidese formalizar o contrato no prazo sinalado, a Mesa do Parlamento poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que de ser o caso se esixise, e a indemnización dos danos e perdas ocasionados á Administración parlamentaria, e poderase adxudicar ao licitador ou licitadores seguintes a aquel por orde das súas ofertas.

A contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita aos requisitos establecidos no artigo 227 do TRLCSP. Non obstante, no cadro de especificacións poderase determinar a prohibición da subcontratación.

Décimo cuarta.- Gastos e impostos

Tanto na oferta que formule o licitador coma nos orzamentos de adxudicación entenderanse comprendidos para todos os efectos os gastos e os impostos de toda índole que graven os diversos conceptos, sen que, polo tanto, poida ser repercutido ningún deles como partida independente.

Serán tamén a cargo do adxudicatario o pagamento do importe dos gastos de publicación de anuncios e cantos outros se ocasionen con motivo dos trámites preparatorios e de formalización do contrato, igual que o pagamento de toda clase de tributos estatais e locais.

No cadro de especificacións poderanse enumerar, se é o caso, outros gastos que serán por conta do adxudicatario.

Décimo quinta. Entrega das subministracións

1. As subministracións serán entregadas na Administración parlamentaria no lugar ou dependencia que se lle indique ao adxudicatario.
2. O adxudicatario realizará a entrega e instalación da subministración dentro do prazo establecido no apartado 18 do cadro de especificacións, e nas cantidades que lle demande a Administración segundo as súas necesidades. O seu incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato ou á imposición de sancións.
3. De cada entrega asinarase o correspondente documento de recepción.

Décimo sexta.- Pagamentos ao contratista

1. O contratista terá dereito ao cobro do prezo das subministracións efectivamente entregadas e formalmente recibidas pola Administración mediante a oportuna acta de recepción. Non terán dereito a ningunha indemnización por causa de perdas, defectos ou danos ocasionados nas subministracións obxecto do contrato antes da súa entrega ao Parlamento de Galicia.
2. O contratista deberá presentar a correspondente factura polos servizos prestados, dirixida ao Parlamento de Galicia, no rexistro de facturas da Dirección da Intervención Xeral e Asuntos Económicos, unidade administrativa competente en materia de contabilidade pública do Parlamento de Galicia.
3. O pagamento deberá producirse dentro dos trinta días seguintes á data da aprobación da factura polo órgano competente do Parlamento.

Décimo sétima. Prazo de garantía, comprobación e recepción da subministración

1. O prazo de garantía da subministración obxecto do contrato será o establecido no punto 21 do cadro de especificacións. Durante o período de garantía, o contratista ou contratistas están obrigados á reposición da que resulte inadecuada ou á súa reparación, se fose suficiente a xuízo do Parlamento, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades nas que puidese incurrir, de acordo co establecido neste prego e no artigo 298 do TRLCSP.
2. O adxudicatario deberá responder dos produtos ofertados, dos posibles defectos atribuíbles á súa fabricación, elaboración, procesado, embalaxe ou transporte durante

un prazo establecido no punto 21 do cadro de especificacións, contado desde a data de cada unha das entregas.

3. O Parlamento reserva para si o dereito de inspeccionar e ser informado do proceso de fabricación, elaboración ou procesado dos bens obxecto deste contrato, e pode ordenar ou realizar por si mesmo probas, ensaios ou calquera outro sistema de control de calidade.

4. Cada unha das entregas que realice o adxudicatario será obxecto por parte da Administración parlamentaria de inspección para comprobar que o material recibido se axusta ás condicións esixidas e ás finalidades previstas nos pregos de prescricións técnicas. Se os bens non estivesen en estado de ser recibidos, farase constancia expresa desta circunstancia, e serán devoltos con indicacións precisas ao contratista para que realice unha nova subministración.

Décimo oitava.- Execución do contrato

1. O contrato executarase con suxeición ás súas cláusulas e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación lle dese ao contratista o órgano de contratación. Actuará como responsable do contrato a persoa designada no apartado 29 do cadro de especificacións.

2. A execución do contrato realizarase por risco e ventura do contratista, e este será responsable da calidade técnica da subministración. Conforme ao establecido no artigo 156 do TRLCSP, non se poderá iniciar a execución do contrato sen a súa anterior formalización, excepto nos casos previstos nos artigos 112 e 113 do TRLCSP.

3. Corresponderanlle á Administración parlamentaria os poderes de verificación e control da execución do contrato establecidos no TRLCSP. O órgano de contratación determinará se a subministración realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento. Para tal fin dispón das prerrogativas establecidas no artigo 297 a 300 do TRLCSP

4. No caso de producirse unha suspensión do contrato, estarase ao estipulado no artigo 203 do TRLCSP e normas de desenvolvemento. Se a Administración parlamentaria acordara unha suspensión, levantarase a correspondente acta de suspensión.

5. A recepción da prestación obxecto do contrato realizarase conforme o disposto no artigo 222 do TRLCSP.

6. Co motivo dun compromiso ambiental o Parlamento de Galicia esixiralle ao contratista o cumprimento, na execución deste contrato, de boas prácticas ambientais no desenvolvemento da súa prestación e o debido cumprimento da lexislación vixente.

Décimo novena.- Confidencialidade e protección de datos

O contratista deberá respectar o carácter confidencial de toda a información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato, especialmente a de carácter persoal. Dita información non poderá ser utilizada, cedida ou copiada para outro fin distinto do que resulte da propia execución do contrato, nin sequera para os efectos de conservación, quedando obrigado ao cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, conforme ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, no Real Decreto 994/1999, de 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, e no resto da lexislación aplicable.

Vixésima.- Modificación do contrato

1. Se durante a vixencia do contrato, a Administración parlamentaria detectase a conveniencia ou a necesidade da súa modificación, estarase ao disposto nos artigos 210, 211 e 219 e mais no título V do libro I do TRLCSP.
2. A Administración poderalle impoñer ao adxudicatario a aceptación obrigatoria de modificacións nas subministracións contratadas, de acordo co seguinte:
 - a) Cando a modificación consista na redución, suspensión ou substitución duns obxectos por outros, sempre que estes estean incluídos no prego de prescricións técnicas, o adxudicatario non terá dereito a reclamar indemnización ningunha.
 - b) Cando a modificación consista no aumento da subministración do número máximo de obxectos incluídos no prego de prescricións técnicas, a Administración pagaralle ao adxudicatario os anteditos obxectos aos prezos unitarios fixados no contrato.
3. Si prodúcese un incremento das prestacións reais respecto das estimadas inicialmente, debe de tramitarse un expediente de modificación do contrato, nos termos previstos no art. 106 do TRLCSP antes de que se esgote o orzamento máximo inicialmente aprobado, e iso en cumprimento do disposto na Disposición Adicional 34ª do TRLCSP.

Vixésimo primeira.- Resolución do contrato

Son causas de resolución do contrato nos termos establecidos no 112 do RXLCAP, ademais das establecidas nos artigos 223 e 299 do TRLCSP, as seguintes:

- a) O incumprimento das obrigas ou prohibicións enumeradas neste prego.
- b) A grave deficiencia na prestación da subministración obxecto do contrato por parte do adxudicatario, debidamente documentada polo Parlamento.

Vixésimo segunda.- Penalidades

No caso de incumprimento do disposto neste prego e no de prescricións técnicas en canto á subministración ou á súa defectuosa prestación a Mesa do Parlamento poderá optar indistintamente por:

- a) Declarar resolto o contrato, con perda da garantía.
- b) A imposición das penalidades por parte do órgano de contratación serán as previstas con carácter xeral nos artigos 212, 213, 214 do TRLCSP, e en concreto as que se determinen no cadro de especificacións.

As cantidades por imposición de penalidades, logo do oportuno trámite de audiencia ao contratista, serán deducidas na seguinte facturación que proceda ou, de non ser posible, serán efectivas sobre a garantía que se constituíra, debendo o contratista repoñer ou ampliar esta na contía que corresponda no prazo de 10 días hábiles.

A penalidade económica imposta non exclúe a indemnización de danos e perdas á que poida ter dereito a Administración.

En todo caso, a constitución de mora do empresario non precisará intimación previa por parte da Administración.

Vixésimo terceira.- Réxime das notificacións

As notificacións que deban realizarse derivadas da tramitación deste procedemento poderanse efectuar por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular poderase efectuar mediante correo electrónico ao enderezo que os licitadores designasen ao presentar as proposicións,

nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007 do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

No caso de que o licitador ou o seu representante rexeitase a notificación, farase constar no expediente, e especificaranse as circunstancias dos intentos de notificación, polo que se terá por efectuado o ante dito trámite.

Vixésimo cuarta.- Interpretación, recursos e xurisdición.

As decisións da Mesa de contratación poderán ser obxecto de recurso ante a Mesa do Parlamento.

O acordo da Mesa do Parlamento pola que se adxudique o contrato poñerá fin á vía administrativa. Esta poderá ser recorrida potestativamente en reposición, no prazo dun mes, ou ser impugnada directamente no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A Mesa do Parlamento ten a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar por razón de interese público os contratos e acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados no TRLCSP e no RXLCAP.

Os acordos que dite a Mesa do Parlamento, logo do informe da Oficialía Maior e da Dirección da Intervención Xeral e Asuntos Económicos, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución serán inmediatamente executivos.

As cuestións litixiosas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos administrativos serán resoltas pola Mesa do Parlamento. Contra os seus acordos, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia conforme ao disposto na lei reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer recurso potestativo de reposición, previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

CADRO DE ESPECIFICACIÓNS DO CONTRATO		
1	Obxecto do contrato	subministración e instalación de material audiovisual
2	Número de expediente	STI-PA-4/2015
3	Tramitación	Ordinaria
4	Orzamento de licitación	Orzamento: 115.000,00 €
		IVE (21 %): 24.150,00 €
		Total: 139.150,00 €
	Total valor estimado do contrato: (sen IVE): (o valor estimado do contrato vén determinado polo importe total, tendo en conta calquera forma de opción e eventuais prórrogas, IVE excluído)	
5	Partida orzamentaria	01.01.111B.
6	Forma de pagamento	O prezo aboarase unha vez que se entreguen as subministracións requiridas e se formalice o correspondente documento de recepción, e trala presentación da correspondente factura, expedida polo adxudicatario e verificada polo responsable competente.
7	Duración do contrato	60 días, nos termos e prazos establecidos na apartado 18 deste cadro de especificacións, e no que se inclúe o tempo que necesitará a Administración Parlamentaria para facer as actuacións pertinentes aos efectos de comprobar a correcta recepción da subministración.
8	Admisión de variantes	Non se admiten
9	Prórrogas do contrato	Non procede
10	Revisión de prezos	Non procede
11	Referencias técnicas	As referidas no PPT.
12	Garantía provisional	Non se esixe.
13	Garantía definitiva	Si.

14	Garantías complementarias	No caso de que o licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa conforme aos criterios de valoración do punto 16, estando en baixa anormal ou desproporcionada, xustifique debidamente o importe ofertado, terá que constituír unha garantía polo importe do 5% do prezo de adxudicación, IVE excluído.
15	Mesa de Contratación	<p>Presidente: o vicepresidente 1.º da Mesa do Parlamento. Vogais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - o secretario da Mesa do Parlamento. - a vicesecretaria da Mesa do Parlamento. - unha/un letrada/o do Parlamento. - a directora da Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento. (en caso de ausencia poderaa suplir a viceinterventora do Parlamento). <p>Secretario: o director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento. (en caso de ausencia poderao suplir un funcionario da Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento).</p>
16	Criterios de adxudicación	<p>I.- Criterios cuxa cuantificación dependen de xuízos de valor: Valor técnico da oferta: de 0 a 49 puntos</p> <p>a.- <u>Redundancia</u>: de 0 a 25 puntos. O licitador describirá detalladamente os elementos e procedementos que ofrece para a redundancia do sistema, especificando os tempos previstos para a recuperación do mesmo en caso de fallo, por cada un, de ser o caso, dos sistemas de redundancia que presente.</p> <p>b.- <u>Solución técnica relativa á renovación, instalación e deseño</u> do oco de cada un dos tipos de escano (presidenta, deputado e letrado). de 0 a 8 puntos.</p> <p>c.- <u>Plan de instalación</u>: de 0 a 16 puntos</p> <p>1. Diagrama de instalación: de 0 a 10 puntos. Valorarase o esquema de interconexión dos escanos, que deberá permitir unha doada trazabilidade, e a inmediata localización e actuación nas conexións e equipamentos en caso de avaría ou calquera outra incidencia.</p> <p>2. Planificación da instalación: de 0 a 6 puntos. Valorarase o plan de traballo e actuación para a instalación da subministración, que deberá permitir cumprir cos prazos de entrega establecidos no apartado 18; deberase detallar fases (desde o aprovisionamento de material ata a posta en marcha e recepción polo Parlamento), cronograma e tempos estimados de cada unha das fases, e recursos materiais e humanos dedicados.</p> <p>II.- Criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas: ata 51 puntos.</p> <p>a.- <u>Prezo</u>: de 0 a 40 puntos: Ponderaranse as ofertas de acordo coa seguinte fórmula:</p> $\text{Puntuación } i = 40 \times \frac{\text{Orzamento licitación} - \text{Oferta } i}{\text{Orzamento licitación} - \text{oferta máis baixa}}$

		<p>b.- <u>Garantía</u>: De 0 a 11 puntos: avaliarase a oferta do aumento do prazo de garantía esixido como mínimo.</p> <p>Ponderaranse as ofertas do seguinte xeito: Á oferta de 24 meses a maiores atribuiránselle 11 puntos, e ao resto o que proporcionalmente lle corresponda.</p>
17	Apertura de proposicións	<p>- Sobre B: no día e hora que oportunamente se lles comunicará aos licitadores e se publicará no <i>perfil de contratante</i> da páxina web do Parlamento de Galicia.</p> <p>- Sobre C: no día e hora que oportunamente se lles comunicará aos licitadores e se publicará no <i>perfil de contratante</i> da páxina web do Parlamento de Galicia.</p>
18	Prazo para a entrega da subministración	<p>O contratista deberá comezar a instalación da subministración no prazo de 30 días desde a formalización do contrato, salvo que por motivo da celebración de sesións plenarias non sexa posible celebralo en dito prazo, en cuxo caso o prazo 30 días comezará a computar desde o momento en que o Parlamento comunique ao contratista que pode proceder á instalación.</p> <p>A partir de entón dispón dun máximo de 15 días para completar a instalación que, en todo caso, deberá executarse entre a posible celebración de sesións plenarias.</p>
19	Seguro de responsabilidade civil	Por importe de 150.000,00 €
20	Subcontratación	Se permite
21	Prazo de garantía da subministración	Dous anos a contar desde a data de sinatura da acta de recepción, salvo que o adxudicatario ofrezca prazo maior.
22	Acceso ao perfil de contratante	www.parlamentodegalicia.gal
23	Código nomenclatura CPV	32321300-2 Materiais audiovisuais
24	Código clasificación estatística CPA-2002	26.40.5 Compoñentes de material de sonido e vídeo
25	Medio de realización das notificacións	Mediante correo electrónico
26	contido do sobre B	Os licitadores deberán incluír neste sobre, en formato papel e en formato electrónico (CD, DVD, pendrive,..), a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións técnicas establecidas nos pregos e que permitan a valoración dos criterios de adxudicación establecidos no

		punto 16 do cadro de especificacións suxeitos a xuízos de valor, por non seren avaliábeis por fórmulas, escalas ou porcentaxes.
27	contido do sobre C	Os licitadores deberán incluír neste sobre, en formato papel e en formato electrónico (CD, DVD, pendrive,..), a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas e que permitan a valoración segundo os criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas. En todo caso deberá conter o modelo de proposición do anexo III. En documento adxunto deberase achegar listaxe cos prezos unitarios de cada un dos compoñentes ou elementos obxecto da subministración.
28	Penalidades	Establécese como penalidade o incumprimento do prazo de entrega establecido no apartado 18 deste cadro de especificacións. Determinábase para esta circunstancia unha penalidade diaria de 1.000,00 euros.
29	Responsable do contrato	Xefe do Servizo de Tecnoloxías da Información



ANEXO I

(sobre A)

D./D^a., con domicilio en, rúa, núm., DNI núm., actuando en (nome propio ou en representación de, tendo coñecemento das condicións e dos requisitos que se esixen no prego de cláusulas administrativas particulares da contratación para a adxudicación de contrato da **subministración para a adquisición de material audiovisual**, para os efectos do establecido na cláusula vixésimo terceira do prego de cláusulas administrativas para o caso de efectuar notificacións, expresamente autorizo ao Parlamento de Galicia a efectuar as notificacións que se produzan como consecuencia da tramitación deste procedemento a través do seguinte correo electrónico:

Correo electrónico:

Lugar
Data
Sinatura do/a licitador/a



ANEXO II

(sobre A)

Modelo de declaración responsable

D./D^a., con domicilio en,
rúa, núm....., DNI núm., actuando
en (nome propio ou en representación de), tendo
coñecemento das condicións e dos requisitos que se esixen no prego de cláusulas
administrativas particulares da contratación para a adxudicación de contrato de
subministración para a adquisición de material audiovisual, para os efectos do
establecido na cláusula sexta dos pregos de cláusulas administrativas que rexe este
contratación

DECLARO RESPONSABLEMENTE,

- Que tanto a entidade como quen a representa e asina esta declaración teñen a personalidade xurídica suficiente e no seu caso representación bastante, e cumpren as condicións de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional esixidos para participar neste procedemento de contratación.
- Que aportará en calquera momento que lle sexa solicitada polo Parlamento de Galicia a documentación acreditativa do cumprimento destas circunstancias.
- Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, atópanse incurso en suposto algún aos que se refire o artigo 60 do TRLCSP.
- Que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

Lugar, Data
Sinatura

ANEXO III

(sobre C)
Modelo de proposición

D./D^a., con domicilio en, rúa, núm., DNI núm., actuando en (nome propio ou en representación de, ao ter coñecemento do anuncio publicado do Diario Oficial de Galicia núm., de data, e das condicións e dos requisitos que se esixen no prego de cláusulas administrativas particulares da contratación para a adxudicación do contrato de **subministración para a adquisición de material audiovisual** para a Administración do Parlamento de Galicia, comprométese a realizar a dita subministración con suxeición ás condicións establecidas no prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares desta contratación, polos seguintes importes:

a) Prezo

	Ofertado pola empresa*
Prezo excluído o IVE	en letras:
	en números:
IVE	en letras:
	en números:
TOTAL	en letras:
	en números:

*En documento adxunto deberase achegar listaxe cos prezos unitarios de cada un dos compoñentes ou elementos obxecto da subministración.

b) Garantía (de ser o caso)

	Ofertado pola empresa
Prazo ofertado a maiores do esixido nos pregos	en letras:
	en números:

Lugar, Data
Sinatura



ANEXO IV

*Modelo de aval
(para o caso de constituírse garantía mediante aval)*

A entidade(razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca) co NIF....., con domicilio (a efectos de notificación e requerimentos) na rúa/praza/avenida, código postal, localidade, e no seu nome.....(nome e apelidos do/s apoderado/s) con poderes suficientes para obrigalo neste acto,

AVALA a:(nome e apelidos ou razón social do avalado), co NIF en virtude do disposto no artigo 56.2 do Regulamento Xeral da Ley de contratos das Administracións Públicas para responder das seguintes obrigas ... (detalla-lo obxecto do contrato ou obriga/s asumidas polo garantido) ..., ante o Parlamento de Galicia, por importe de ... (en letra e cifras).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Este aval outórgase solidariamente respecto do obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pagamento ao primeiro requirimento do Parlamento de Galicia, con suxeición os termos previstos na lexislación de contratos das Administracións Públicas, e nas súas normas de desenvolvemento.

O presente aval permanecerá vixente ata que o Parlamento de Galicia autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido no texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e lexislación complementaria.

*Lugar, Data
Sinatura*

BASTANTEO DE PODERES